


CERTAME

COOPERATIVISMO NO ENSINO

2018



3 MODALIDADES
6 CATEGORÍAS
28.000€ EN PREMIOS

XUNTA DE GALICIA

NORMATIVA REGULADORA



Orde do 15 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG núm. 14 , do 19 de xaneiro de 2018)

FINALIDADE



O certame Cooperativismo no ensino ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

PARTICIPANTES



Poden participar no certame os centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial, presentando os traballos elaborados polo seu alumnado, segundo as modalidades e nos termos previstos nas bases.

FINANCIAMENTO



Esta convocatoria está dotada con 28.000 euros financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES



As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia:

www.sede.xunta.gal

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da representación da persoa que asina como solicitante.
- b) Traballos que se presentan ao certame segundo se indica nas bases.

PRAZO DE PRESENTACIÓN



O prazo de presentación das solicitudes comeza ao día seguinte da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia e remata o 30 de abril de 2018.

SOLICITA O APOIO DA REDE EUSUMO



Para apoiar a participación no certame Cooperativismo no ensino, desde a Rede Eusumo poñemos á disposición dos centros educativos a posibilidade de realizar actividades co fin de fomentar a difusión e promoción do cooperativismo entre o alumnado. Pode solicitar información en info@eusumo.gal ou no teléfono 981 558 008.

MODALIDADES

1 >

Actividades artísticas. Dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial.

2 >

Actividades cooperativizadas. Dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial.

3 >

Proxectos empresariais cooperativos. Dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.



1 ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

PARTICIPANTES

Dirixido ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial.

Número de participantes: en cada traballo deberán participar como mínimo tres alumnos ou alumnas.

TIPOLOXÍA DE TRABALLO

O alumnado poderá presentar os debuxos, pinturas, maquetas, fotografías e/ou vídeos, realizados por eles, nos que se reflicta a posta en práctica dos valores e principios cooperativos.

CATEGORÍAS

A: alumnado de 2º ciclo de educación infantil.
B: alumnado de 1º e 2º de educación primaria.
C: alumnado de 3º e 4º de educación primaria.
D: alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

PREMIOS*

Mellor traballo de cada categoría: 2.500 €
Un accésit por categoría: 1.500 €

2 ACTIVIDADES COOPERATIVIZADAS

PARTICIPANTES

Dirixido ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial.

Número de participantes: en cada traballo deberán participar como mínimo tres alumnos ou alumnas.

TIPOLOXÍA DE TRABALLO

O alumnado poderá presentar as memorias de actividades realizadas cooperativamente por grupos de alumnos ou alumnas.
As actividades poderán consistir, entre outras, en viaxes de ampliación de estudos, festivais de fin de curso, campionatos deportivos, xornais, páxinas web, programas de radio ou obras de teatro.
A memoria dos traballos realizados describirá o proceso de elaboración e realización da actividade.

CATEGORÍAS

1 soa categoría para todo o alumnado de educación secundaria obrigatoria

PREMIOS*

Mellor traballo: 2.500 €
Un accésit: 1.500 €

3 PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS

PARTICIPANTES

Dirixido ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

Número de participantes: na elaboración de cada proxecto deberán participar como mínimo tres alumnos ou alumnas, que deberán estar dirixidos por un profesor ou profesora, ou un director ou directora.

TIPOLOXÍA DE TRABALLO

O alumnado poderá presentar a este concurso os proxectos empresariais elaborados por eles, baixo a única modalidade de proxectos empresariais cooperativos. Os proxectos deberán desenvolver o proceso completo de posta en marcha dun proxecto empresarial, baixo a fórmula cooperativa, orixinal, coherente e viable economicamente.

CATEGORÍAS

1 soa categoría para todo o alumnado de formación profesional específica e de ensinanzas de réxime especial.

PREMIOS

Mellor proxecto empresarial cooperativo: 4.500€
Un accésit ao proxecto finalista: 3.500€

*Os centros de ensino premiados deberán destinar estes importes a adquirir material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, ou a celebrar unha actividade formativa, cultural ou deportiva dirixida ao seu alumnado.

gàlicia

Máis información:

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
Secretaría Xeral de Emprego

Edif. Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 999 268

www.emprego.ceei.xunta.gal

www.eusumo.gal

economiasocial.emprego@xunta.gal

www.sede.xunta.gal